Curso 2020-2021

Reclamacións ás cualificacións de 2º de Bacharelato e/ou pendentes de 1º (convocatoria ordinaria)

De acordo coa **Circular 2/2021 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se precisan aspectos da Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, para o curso 2020-2021**, as reclamacións ás cualificacións de 2º de Bacharelato e/ou pendentes de 1º presentaranse de acordo co seguinte procedemento e calendario:

1. Os boletíns coas cualificacións finais de segundo de bacharelato serán entregados polos titores ou titoras **o día 18 de maio ás 20.00 h. (Quenda Ordinaria) e 17.00 h. (Quenda de Adultos),**

2. Antes de presentar unha reclamación formal, recoméndase que o/a alumno/a desconforme coa cualificación obtida (ou os/as seus/súas titores legais) consulte previamente co profesor ou profesora da materia correspondente.

3. O/A alumno/a (ou os/as seus/súas titores legais) que non estiver de acordo coas explicacións recibidas polo profesor ou profesora da materia poderá presentar nas oficinas do instituto unha instancia dirixida á Dirección do centro, solicitando que o Departamento correspondente revise a súa cualificación. O prazo para a presentación da instancia **comeza o día 19 e remata o 20 de maio,** en horario de 9.00 a 14.00 h.

4. O alumnado que solicite que o Departamento revise a súa cualificación, recollerá a resolución correspondente **o día 21 de maio, entre as 9.00 e as 14.00 h., nas oficinas do instituto**

5. De non estar conforme coa resolución do Departamento, poderá solicitar que a dirección remita o expediente de reclamación á Xefatura Territorial, presentando unha nova instancia nas oficinas do centro **os días 24 e 25 de maio, entre as 9.00 e as 14.00 h.**

NOTA IMPORTANTE: Non se terán en conta aquelas instancias que non estean baseadas nos criterios establecidos na circular arriba indicada.

Santiago, a 12 de abril de 2021

XUNTA DE GALICIA · I.E.S. · Arcebispo Xelmírez I · CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN · SANTIAGO

Manuel Portas Fernández

Director do IES "A. Xelmírez I",